

DOCUMENTO INFORMATIVO SOBRE A IDENTIFICACIÓN EQUINA PARA O CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS

Rev 6. 02/01/2013

ÍNDICE

1.- CUESTIÓN PREVIAS

- 1.1.- Ámbito de aplicación deste documento
- 1.2.- Definicións de interese
- 1.3.- Concepto de propiedade / titularidade dos animais
- 1.4.- Significado do Documento de Identificación Equina (DIE)
- 1.5.- Outros

2.- PROCEDIMENTO DE IDENTIFICACIÓN

3.- OUTROS ASPECTOS DE INTERESE

- 3.1.- SOLICITUDE DE IDENTIFICACIÓN
- 3.2.- CAMBIOS DE PROPIETARIO
- 3.3.- EMISIÓN DUN DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN DUPLICADO
- 3.4.- EMISIÓN DUN DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN SUBSTITUTIVO
- 3.5.- XESTIÓN DA IDENTIFICACIÓN EN ANIMAIS CON LISE
- 3.6.- XESTIÓN DA IDENTIFICACIÓN EN ANIMALES QUE XA POSÚEN LISE E MICROCHIP
- 3.7.- XESTIÓN DE ANIMAIS IDENTIFICADOS PREVIAMENTE CON LIBRO DE IDENTIFICACIÓN CABALLAR (LIC)
- 3.8.- OUTROS SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN
- 3.9.- DILIXENCIADO E REVALIDACIÓN DOS DIE
- 3.10.- INFORMACIÓN SOBRE DOCUMENTACIÓN DE MOVEMENTO DOS ÉQUIDOS
- 3.11.- INFORMACIÓN SOBRE MORTE DOS ÉQUIDOS
- 3.12.- MODIFICACIÓN DA RESEÑA
- 3.13.- IDENTIFICACIÓN DE ÉQUIDOS REXISTRADOS
- 3.14.- MODIFICACIÓN DE DATOS

1.- CUESTIÓNS PREVIAS

1.1- Ámbito de aplicación deste documento

As actuacións dos veterinarios identificadores autorizados pola Consellería do Medio Rural e do Mar dentro do convenio asinado co Consello Galego de Colexios Veterinarios para a identificación de animais equinos en Galicia **afectan única e exclusivamente aos animais de crianza e rendemento que se identifiquen en Galicia.**

Porén, como se indicará máis adiante, algunhas xestións pódense realizar tamén sobre animais identificados por entidades emisoras doutras Comunidades Autónomas.

1.2.- Definicións de interese

Animais de crianza e rendemento: son os non incluídos nas definicións descritas a continuación. Serían os animais “para vida” que non sexan rexistrados.

Animais de abasto

Considérase como animal equino de abasto o que é criado para ese fin. Son por tanto animais novos, e non se consideran aos efectos deste documento os animais adultos que ao final da súa vida produtiva son destinados a matadoiro con destino a consumo humano.

No caso dos **animais de abasto nados en explotacións clasificadas rexistralmente como de produción e reprodución de carne, con destino a sacrificio con idades inferiores a 15 meses** a Consellería do Medio Rural e do Mar habilitou un sistema de identificación oficial consistente nun **crotal auricular electrónico**. Está establecido que o titular/propietario do équido presente **na Oficina Agraria Comarcal (OAC) correspondente** á explotación de nacemento, a súa solicitude de identificación mediante un modelo normalizado dispoñible nas OAC. Tanto a subministración dos crotais electrónicos como a emisión, no seu caso, do Documento de Identificación Equina (DIE) serán realizadas polas OAC correspondentes. Polo tanto, debe quedar claro que os veterinarios autorizados para a identificación de équidos de crianza e rendemento non interveñen en ningún momento na xestión da identificación dos animais de abasto segundo o definido neste documento e por tanto estes animais non se identificarán a través de SIREGAL.

Como información, indicar que **nestes animais de abasto, se son** destinados directamente ao matadoiro desde a explotación de nacemento cunha idade inferior a 12 meses, non é necesario a expedición dun DIE (moveríanse só co crotal electrónico e autorización oficial de traslado). No resto de casos, ademais do crotal electrónico o animal deberá posuír o citado DIE (neste caso trátase dun DIE simplificado emitido polas OAC e distinto do emitido a través de SIREGAL).

Na solicitude de identificación de équidos con crotal auricular electrónico, o titular solicitante declara na OAC que ese animal vai a estar destinado a sacrificio como animal de abasto antes dos 15 meses de vida¹, e en ningún caso o vai a destinar como animal para vida (crianza e rendemento), polo que **unha vez identificado cun crotal electrónico, non será posible substituílo por un inxectable no caso de que o titular pretendiera posteriormente cambiar o destino do animal.**

¹ É admisible o envío a matadoiro con idades superiores aos 15 meses sempre que teñan sido trasladados a un cebadoiro antes desa idade.

Polo tanto, o titular/ propietario, deberá xa decidir inicialmente o destino que lle queira dar ao animal: animal de abasto destinado a matadoiro ou ben animal destinado “a vida” (crianza e rendemento), que en consecuencia será identificado segundo el sistema que corresponda (crotal electrónico ou microchip inxectable).

Équidos rexistrados

Son os animais pertencentes ás razas puras que contan con libro xenealóxico ou ás entidades que xestionan os cabalos de competicións e concurso.

Para estes animais, tanto a identificación inicial dos animais como as posibles xestións posteriores (cambios de propietario, emisión de duplicados, etc), deben ser realizadas polas entidades emisoras autorizadas das razas ou entidades correspondentes polo que estes animais tampouco deben ser identificados polos veterinarios autorizados a través de SIREGAL.

As posibles actuacións ou informacións que puideran demandar outras entidades autorizadas para a identificación de équidos rexistrados, como por exemplo a comprobación de identidade dos animais, deben entenderse como un servizo clínico externo ao procedemento de identificación de équidos de crianza e rendemento e polo tanto non son afectadas pola información contida neste documento nin deben ser reflectidas na aplicación SIREGAL.

A relación de entidades emisoras autorizadas para a identificación equina tanto a nivel estatal como internacional pódese consultar en:

<http://www.magrama.gob.es/es/ganaderia/temas/trazabilidad-animales/identificacion-animales/equidos/>

1.3.- Concepto de propiedade / titularidade dos animais

A normativa vixente de aplicación indica claramente que o responsable da identificación dos equinos é o “titular do équido” no momento que a identificación se teña que realizar, segundo os prazos de idade esixibles para realizala (antes de 6 meses desde a data de nacemento ou antes do 31 de decembro do ano de nacemento, podendo elixir o titular a data máis tardía de ambas). Tamén indica a normativa que é por tanto o titular, o responsable de facer a solicitude de identificación do animal ante o organismo emisor do documento de identificación equina (DIE).

O titular defínese como “calquera persoa física ou xurídica que sexa propietaria, posúa ou sexa responsable de coidar ao animal con ou sen fins lucrativos, e a título permanente ou temporal, incluso durante o seu transporte, en mercados ou durante competicións, carreiras ou actos culturais”.

Por outra banda, o propietario do équido é “calquera persoa física ou xurídica que acredite posuír un équido como ben material propio e que figure como tal na sección correspondente do pasaporte (Sección III, de información sobre o dereito de propiedade).

Na práctica, na meirande parte dos casos, ambas figuras, titular e propietario, coincidirán na

mesma persoa física ou xurídica. Porén, existen situacións nas que isto non é así, por exemplo en cortes de pupilaxe ou nos casos de explotacións equinas que alberguen animais de distintos propietarios sen finalidade comercial (por exemplo, unha finca onde residan varios animais propiedade de varias persoas). Moito máis raros serán os casos nos que durante unha competición ou un mercado ou transporte, se dea a necesidade de esixir ao titular nese preciso momento a identificación obrigatoria dun animal carente dela.

En calquera caso, a normativa vixente de identificación equina indica claramente que “cando o titular non sexa o propietario do animal, actuará en nome e co acordo da persoa física ou xurídica propietaria”.

1.4.- Significado do Documento de Identificación Equina (DIE)

O DIE/pasaporte en principio **é un documento estritamente de identificación animal**, non un documento de acreditación da propiedade do animal nin da pertenza do animal a unha determinada explotación equina (código REGA). Só nos casos nos que a entidade emisora do DIE así o esixa, deberá facerse constar nel a propiedade do animal.

A Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, como entidade emisora responsable para os équidos de crianza e rendemento en Galicia, ten determinado que no DIE obrigatoriedade figuren, na súa sección III, os datos do propietario do animal no momento da identificación así como os datos dos propietarios sucesivos, se os houbera.

1.5.- Outros

Ante as dúbidas plantexadas polos veterinarios identificadores sobre a validez dos distintos tipos de pasaportes que ata o ano 2010 (data de posta en funcionamento efectiva do actual sistema de identificación equina) foron editados polas distintas entidades de razas equinas e de cabalos de competición, así como polas distintas Comunidades Autónomas para équidos de crianza e rendemento, cómpre lembrar que a normativa de identificación vixente, **considera correctamente identificados a día de hoxe aqueles animais nados antes do 30 de xuño de 2009 que foran identificados antes desa data cun documento de identificación ou pasaporte que cumprira co formato especificado na anterior normativa de identificación equina, hoxe derogada, e que é a seguinte:**

- Para équidos rexistrados: Decisión 93/623/CEE da Comisión, pola que se establece o documento de identificación (pasaporte) que ten que acompañar aos équidos rexistrados, modificada pola Decisión 2000/68/CE.
- Para équidos de crianza e rendemento: Decisión 2000/68/CE, pola que se modifica a Decisión 93/623/CEE e regula a identificación dos équidos de crianza e rendemento.

Ambas Decisións atópanse dispoñibles na páxina web de SIREGAL. Ante calquera dúbida sobre a validez destes documentos, os interesados poden dirixirse aos servizos veterinarios oficiais das OAC.

2.- PROCEDIMIENTO DE IDENTIFICACIÓN

O Consello Galego de Colexios Veterinarios (ben directamente ou a través dos respectivos colexios provinciais) será o encargado da compra, subministración e da xestión e control do material de identificación utilizado polos veterinarios identificadores autorizados: transpondedor (microchip) e Documento de Identificación Equina (DIE), basicamente.

A aplicación informática SIREGAL (Sistema de identificación e rexistro equino de Galicia, www.siregal.org), é a ferramenta para a xestión da identificación nos équidos de crianza e rendimento en Galicia, que permite:

- Emisión preimpresa da solicitude de identificación de équidos, que debe existir sempre e ser asinada polo titular/propietario do équido.
- Gravación dos campos obrigatorios mínimos que deben constar na base de datos autonómica ([artigo 16.6 do Decreto 142/2012 de Galicia e anexo IV do Real Decreto 1515/2009](#)).
- Asignación automática dun NPU (Número Permanente Único) para cada animal identificado.
- Comunicación de todos os datos recollidos á base de datos autonómica da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- Gravación e expedición automática dos datos no DIE.

Esta aplicación informática pode ser utilizada polos veterinarios identificadores vía web ou previa instalación nos seus ordenadores persoais, onde gravarán os datos precisos recollidos no acto clínico da identificación e que obrigatoriamente deben constar na base de datos autonómica. A descarga de datos a esta base, farase polo veterinario identificador a través da páxina de internet www.siregal.org no mesmo momento da identificación se hai dispoñibilidade de rede inarámica na propia explotación ou ben a posteriori, pero sempre antes de **3 días** dende a data de identificación.

Cos datos recibidos informaticamente, a empresa CESTEL, que desenvolveu esta aplicación informática, editará o DIE (elaborado previamente por unha imprenta), e o remitirá adecuadamente cuberto² a cada Colexio Veterinario provincial, desde onde se facilitará ou quedará a disposición (segundo a loxística interna que os Colexios consideren) ao veterinario identificador para a súa entrega ao titular/propietario solicitante.

Na práctica o **procedemento** consistirá en:

1.- O titular do équido contactará (vía telefónica, vía web ou por outros medios) cun veterinario identificador autorizado. Os propietarios/titulares de équidos disporán da relación dos veterinarios identificadores e os seus enderezos e datos de contacto, que previamente consentiron que fosen públicos, a través dos sistemas de información pública dos Colexios Veterinarios. Así mesmo, a aplicación SIREGAL dispón na súa páxina web un acceso público onde se atopará esa información. Esta relación de veterinarios, coa mesma información pública, estará tamén dispoñible para os usuarios nas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) da Consellería do Medio Rural e do Mar.

² No DIE actualmente saen preimpresos os datos de identificación do animal, escritos e gráficos (reseña) (**Sección I** do DIE), os datos do propietario (**Sección III**) e cando proceda os datos de administración de medicamentos veterinarios/aptitude para o consumo (**Sección IX**).

2.- O titular do équido facilitará ao veterinario identificador os datos necesarios para a cobertura da **solicitud de identificación do/s animal/is**. Esta comunicación de datos poderá facerse por dúas vías:

- a) Vía telemática a través da aplicación SIREGAL
- b) Directamente ao veterinario identificador: a maioría dos datos que deben constar na solicitud [datos do titular/propietario, datos da explotación e datos do animal (especie, sexo, cor, data nacemento...)], é posible que poidan ser facilitados polo titular no primeiro contacto co veterinario (vía telefónica por exemplo), co cal este podería acudir á explotación o día da identificación coa solicitud totalmente cuberta. De non ser así, en calquera caso a aplicación SIREGAL permite a descarga e impresión do modelo de solicitud, que deberá neste caso ser cuberto integramente de xeito manuscrito no momento da identificación. Tamén é posible cubrir estes datos no caso de que o veterinario leve á explotación un ordenador portátil e unha impresora.

O modelo de solicitud extraíble de SIREGAL permite a solicitud individual dun animal ou ben unha solicitud conxunta para varios animais.

3.- Na explotación, o titular/propietario deberá asinar a solicitud de identificación. Nesta solicitud, o titular/propietario declara que:

- a) Coñece, como titular/propietario, a súa obriga de identificar o animal.
- b) Consente a cesión dos datos que constan na solicitud a ficheiros automatizados de acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal.
- c) No caso de que o animal fora xa posuidor dun Libro de Identificación e Sanidade Equina (LISE) expedido anteriormente, se achegará (ou informará ao propietario, se non fora el, de que debe achegarse) á Oficina Agraria Comarcal correspondente á explotación onde reside o animal, co fin da supervisión da documentación de identificación do animal polos Servizos Veterinarios Oficiais (SSVVOO).
- d) Todos os datos declarados son certos. Este punto é importante nos casos de explotacións que alberguen animais de varios propietarios, de cara a posibles responsabilidades (sinistros provocados polos animais ou outros), nas que ante un conflito o titular ou o propietario do animal pretenderan derivar cara ao outro as responsabilidades as que tiveran que facer fronte.
- e) Que o animal non presenta ningún sistema de identificación previa

Como se indica no punto 1.3 deste documento, debe entenderse que a decisión da identificación dun équido naqueles casos nos que non coincidan propietario e titular conta en todos os casos co acordo do propietario, actuando o titular na súa representación. Por precaución, o veterinario identificador debe informar ao titular destes extremos. No caso de que existan reticencias por

parte do titular, o que procede é que sexa o propietario do équido quen solicite e asine a solicitude de identificación do seu animal.

Esta mesma solicitude pode servir tamén de xustificante da actuación de identificación do veterinario ante o titular/propietario, para o cal no modelo de solicitude figura tamén a sinatura do veterinario, de xeito que, se así o desexa este ou llo demanda o titular/propietario, pode preimprimir dúas copias da solicitude, deixando unha en poder de ambos.

Así mesmo, a solicitude incorpora a reseña do animal, o que posibilita a súa cobertura na explotación e posterior traslado da información á silueta en SIREGAL. Tamén sería posible a cobertura directa da reseña a través da aplicación SIREGAL se na explotación o veterinario dispón dun ordenador portátil.

4.- O veterinario implantará o microchip inxectable no terzo anterosuperior esquerdo do pescozo, baixo o ligamento da caluga. **Previamente deberá comprobar que non existe outro microchip anteriormente implantado,** e/ou que non existen signos de extracción cirúrxica deste. **En ningún caso se implantará un microchip a un animal que xa tivera implantado outro anteriormente.**

5.- O veterinario cobre en SIREGAL todos os campos necesarios e envía os mesmos vía telemática. A aplicación dispón de filtros que obrigan a unha cobertura correcta destes datos. Así mesmo permite a gravación informática da reseña morfolóxica do animal e do punto de aplicación do microchip (punto obrigatorio), que serán transcritos automaticamente ao DIE.

6.- A aplicación SIREGAL imprimirá directamente os datos que constan na Sección I. No punto (8) do Parte A desta Sección I, “Nome e enderezo do destinatario do documento”, figurará a persoa que asinou a solicitude de identificación. Tamén, saíran preimpresos os datos da Sección III (Datos do propietario) e cando proceda da Sección IX (Administración de medicamentos veterinarios/aptitude para o consumo humano).

7.- Unha vez impreso o DIE, este é remitido polo Colexio de Veterinarios da provincia correspondente ao veterinario identificador, quen **cubrirá o punto (11) (selo e sinatura do veterinario) da Parte B da Sección I (datos de identificación) do DIE.**

8.- Antes da entrega do DIE ao titular/propietario o veterinario identificador **deberá xestionar a información das seccións III e IX do DIE:**

a) Sección III (Información sobre o dereito de propiedade): como xa se indicou, **esta sección xa virá preimpresa na sección III segundo os datos que consten na solicitude de identificación.** Se o propietario está presente nese momento, asinará esta sección. Se non está presente, o veterinario cubrirá igualmente o apartado de sinatura e selo do veterinario (no apartado “Selo da organización, asociación ou servizo oficial e sinatura” non sendo por tanto necesario engadir nesta Sección ningún outro selo do Colexio Oficial Veterinario ou da Xunta de Galicia). Se o propietario non está presente nese momento, o veterinario indicará ao titular que o propietario debe asinar esta sección. No apartado de “data de rexistro pola organización, asociación ou servizo oficial” anotarase a data de identificación do animal.

b) Sección IX (Administración de medicamentos veterinarios): o veterinario identificador ha debido previamente informar ao titular/propietario das distintas posibilidades en canto a aptitude do animal para consumo humano.

- **Se o titular/propietario decide que o animal non sexa destinado a consumo humano ao final da súa vida, deberá ter marcada esta opción no modelo de solicitude de identificación). Esta sinatura implica a inhabilitación para consumo humano de xeito permanente, independentemente de que o animal cambie de propietario, polo que é extremadamente importante que o veterinario lle informe convenientemente para que o propietario/titular coñeza perfectamente o alcance da súa decisión.**

No DIE sairá xa preimpresa a parte II da sección IX coa seguinte lenda *“Documento de identificación substitutivo. Animal non destinado a sacrificio para consumo humano (así consta na base de datos oficial de identificación equina)”* e cubertas as columnas 1ª, 2ª e 3ª cos datos do titular/propietario debendo este asinar na 3ª columna.

O animal queda rexistrado en SIREGAL e na base de datos oficial da Xunta de Galicia como animal NON APTO para consumo de xeito permanente.

O veterinario identificador non cubrirá a última cela (nome e sinatura do veterinario responsable de conformidade co artigo 10(2) da Directiva 2001/82/CE) pois esta parte está reservada para o caso de administración, en calquera momento, de substancias que inhabiliten de xeito permanente ao animal para o consumo humano.

- **Se o titular/propietario decide que o animal sexa destinado no futuro a consumo humano, esta Sección IX quedará sen cubrir.**

9.- Os datos recollidos en SIREGAL son comunicados automaticamente á base de datos oficial da Xunta de Galicia, que se trasladarán tamén automaticamente á base de datos central no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Coa finalización destas actuacións, o équido quedará identificado e rexistrado oficialmente.

Cómpre sinalar que de acordo co artigo 6.6 da *Orde do 29 de marzo de 2010, pola que se establecen medidas en relación co sistema de identificación dos équidos na Comunidade Autónoma de Galicia*, **os veterinarios autorizados para a identificación de équidos de crianza e rendemento están obrigados a asentar os animais identificados no libro-rexistro da explotación equina** onde resida o animal, facendo constar os seguintes datos: **data de identificación, nome e apelidos e código (número de colexiado) do veterinario identificador, selo e sinatura.**

3.- OUTROS ASPECTOS DE INTERESE

3.1.- SOLICITUDE DE IDENTIFICACIÓN

O veterinario identificador entregará a solicitude orixinal asinada polo titular/propietario no Colexio Veterinario onde estea colexiado. Neste colexio procederase ao seu arquivo e custodia.

3.2.- CAMBIOS DE PROPIETARIO

Para équidos de crianza e rendemento identificados en Galicia ou noutras Comunidades Autónomas, esta xestión levarase a cabo nas OAC da Consellería do Medio Rural e do Mar. Para équidos rexistrados, os trámites de cambio de propietario realizaranse pola entidade que emitiu o pasaporte.

O novo propietario dispón dun prazo de **30 días hábiles**³ desde que se produce o cambio de propiedade para comunicar este feito á OAC correspondente. Para este trámite presentará na OAC o DIE e máis a documentación acreditativa da súa adquisición (documentación dispoñible nas OAC).

En SIREGAL constan os datos do propietario do animal no momento da identificación. Cando existan cambios de propietario posteriores, eses cambios non van a constar de momento en SIREGAL de xeito automático polo que cando os novos propietarios precisaran solicitar a emisión dun DIE duplicado ou substitutivo, deberán acreditar ante o veterinario identificador a propiedade do animal. Para iso, presentarán a documentación acreditativa deste feito mediante un modelo normalizado de cambio de propiedade dispoñible nas OAC e que virá selado pola OAC onde resida o animal.

3.3.- EMISIÓN DUN DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN EQUINA DUPLICADO

Emitirase un duplicado cando en caso de perda ou deterioro do anterior DIE, se poda acreditar por algún medio (lectura do microchip xeralmente) a identidade do animal.

É posible a emisión dun duplicado para équidos de crianza e rendemento tanto de équidos identificados en Galicia (con DIE galego) como noutras CCAA (DIE das distintas CCAA). Para a emisión dun duplicado dun DIE de équido rexistrado, o solicitante debe dirixirse á entidade que expediu o DIE orixinal.

O titular/propietario debe poñerse en contacto cun veterinario identificador que, tras facer as comprobacións oportunas, realizará as xestións para a expedición dun novo DIE duplicado segundo o sistema xeral descrito neste documento. **Previamente deberá ter cuberto o modelo de solicitude de emisión dun documento duplicado que pode obter de SIREGAL (existen dous modelos, un para duplicados de DIE galegos e outro para DIE doutras CCAA).** Nos dous modelos, o solicitante declara e solicita a situación do animal respecto a súa aptitude para o consumo humano.

Posibilidades:

a) Se o animal xa figuraba na base de datos SIREGAL (e por tanto tamén no DIE orixinal) como non apto para o consumo humano, ou figurando como apto, neste momento o titular (sexa o inicial ou un titular posterior) decide agora que o animal sexa declarado non apto de xeito permanente, na

³ É necesario lembrar que a obriga de comunicar o cambio de propietario no DIE (30 días) é independente da obriga de comunicación de movementos de entrada ou saída de animais das explotacións (7 días máximo, segundo Real Decreto 728/2007), polo que aconséllase que no caso de que o cambio de propietario signifique tamén un cambio de explotación equina, ambas xestións se fagan na OAC no mesmo prazo (7 días).

solicitud de duplicado sinalará esta opción.

No DIE duplicado sairá xa preimpresa a parte II da sección IX coa lenda: *“Animal non destinado a sacrificio para consumo humano (o titular ten solicitado non destinar o animal a sacrificio para consumo humano e así consta na base de datos oficial de identificación equina”*. Saen tamén preimpresas as columnas 1ª, 2ª e 3ª desta parte debendo o titular actual asinar na columna 3ª.

Tanto en SIREGAL como na base de datos da Xunta de Galicia o animal permanece marcado como NON APTO para consumo de xeito permanente.

b) Se o animal figuraba en SIREGAL como apto para o consumo e o solicitante de duplicado solicita que continúe sendo apto (a partir dun período de suspensión de aptitude de 6 meses), na solicitud de duplicado sinalará esta opción.

Neste caso, SIREGAL lanza unha mensaxe na que se indica ao veterinario solicitante que a emisión do DIE duplicado queda retida ata que se realicen as comprobacións oportunas. Nesta mensaxe infórmase de que é preciso que o titular acredite ante os servizos veterinarios oficiais da OAC a situación do animal respecto ao consumo humano, **no prazo legal de 30 días a contar desde a data de solicitude**.

- A OAC correspondente á explotación onde resida actualmente o animal recibirá de SIREGAL vía e-mail a existencia da solicitude de duplicado con solicitude de suspensión de 6 meses, e achegará a seguinte información: NPU / Nº microchip / Nome e apelidos do solicitante / Código REGA da explotación de residencia do animal.
- Informaticamente márcase en SIREGAL como animal NON APTO CON SUSPENSIÓN.
- A OAC realiza as comprobacións oportunas achegadas polo titular do animal e vía e-mail comunica a SIREGAL (siregal@siregal.org) se finalmente o animal se considera NON APTO CON SUSPENSIÓN de 6 meses ou ben NON APTO de xeito permanente.
- Segundo o resultado final, emitírase o DIE duplicado coa información preimpresa que corresponda: se finalmente segundo as comprobacións feitas na OAC, o animal é non apto de xeito permanente saíran preimpresas a parte I e II da sección IX do DIE; se finalmente o animal é apto cun período de suspensión de 6 meses saíran preimpresas a parte I e a parte III da sección IX do DIE.
- En SIREGAL actualízase a información necesaria: ou ben continúa marcado como NON APTO CON SUSPENSIÓN ou ben se cambia a NON APTO de xeito permanente.
- Na OAC igualmente modifícanse na base de datos da Xunta de Galicia estes datos segundo a situación final do animal.
- No seu caso, transcorridos os 6 meses do período de suspensión, automaticamente en SIREGAL cambiarase a situación a APTO PARA CONSUMO, información que será reflectida igualmente na base de datos da Xunta de Galicia.

Na sección I de identificación actualízanse os datos de identificación escritos e gráficos (reseña) e no apartado (11) (Sinatura e selo do veterinario identificador (ou da autoridade competente)) que saíran preimpresos cos datos do veterinario que tramita a emisión do duplicado, este selará e

asinará. Así mesmo na data (apartado (9) figurará a data na que se emite este duplicado.

O veterinario recibirá o DIE duplicado polo sistema normal. Este novo DIE é idéntico ao orixinal coa única diferenza de que na portada do mesmo figura a lenda “**DUPLICADO DO DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN EQUINA**” que xa virá preimpreso desde a imprenta. No caso de que se trate de duplicados doutras CCAA, emitirase un DIE duplicado de crianza e rendemento galego no que se conservará o NPU orixinal do animal.

Se despois da emisión do documento duplicado aparecera o DIE orixinal, o propietario deberá achegarse á OAC cos dous DIE (orixinal e duplicado) para regularizar esta situación.

No caso de que a emisión dun duplicado se deba a un deterioro do DIE orixinal, o veterinario indicará ao solicitante que deberá achegarse á OAC cos dous DIE (deteriorado e novo) para que os servizos veterinarios oficiais xestionen esa incidencia.

3.4.- EMISIÓN DUN DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN SUBSTITUTIVO

Emitirase un DIE substitutivo cando:

- en caso de perda ou deterioro non se poda acreditar por ningún medio a identidade do animal, **independentemente de que o équido puidera ser un équido rexistrado**⁴.

- no caso de que o veterinario identificador confirme a extracción dun transpondedor previo e non se poda acreditar a identidade do mesmo.

O propietario debe poñerse en contacto cun veterinario identificador que, tras facer as comprobacións oportunas, realizará as xestións para a expedición dun novo DIE substitutivo segundo o sistema xeral descrito neste documento. **Previamente deberá ter cuberto o modelo de solicitude de emisión dun documento substitutivo que pode extraer de SIREGAL.**

Polo tanto, co procedemento de identificación habitual descrito neste documento, se lle asignará un novo NPU, como se se tratase dun novo animal, posto que non é posible coñecer a identidade previa do mesmo e introducíranse todos os datos do animal a través de SIREGAL. O veterinario identificador gravará a información de expedición dun DIE substitutivo e **marcará en calquera caso ao animal como non apto para o consumo humano.**

O veterinario debe informar ao titular/propietario que o animal en ese momento queda declarado como non apto para consumo humano de xeito permanente independentemente de que o animal cambie de propietario no futuro e que así consta na base de datos autonómica. Neste caso non hai posibilidade de reverter esta situación.

O DIE substitutivo sairá xa preimpreso na parte I da sección IX do DIE e a parte II, esta coa seguinte

⁴ **Os documentos substitutivos os emite en calquera suposto a entidade emisora para équidos de crianza e rendemento da Comunidade Autónoma onde resida o équido,** polo tanto eses animais aínda que supostamente pertenceran a una raza pura ou entidade de competición (foran équidos rexistrados), a efectos de identificación oficial pasan a ser considerados como de crianza e rendemento e polo tanto se lles expedirá un DIE segundo o procedemento xeral deste documento a través dos veterinarios identificadores autorizados. O animal poderá ser inscrito, se así o desexa o seu propietario no libro xenealóxico que se trate pero seguirá identificado oficialmente cun DIE de crianza e rendemento.

lenda “Documento de identificación substitutivo. Animal non destinado a sacrificio para consumo humano (así consta na base de datos oficial de identificación equina)” e cubertas as columnas 1ª, 2ª e 3ª, debendo asinar o titular actual na 3ª columna.

O animal queda rexistrado en SIREGAL e na base de datos da Xunta de Galicia como documento substitutivo e marcado como NON APTO para consumo de xeito permanente.

Na sección I de identificación actualizaranse os datos de identificación escritos e gráficos (reseña) e no apartado (11) (Sinatura e selo do veterinario identificador (ou da autoridade competente)) que sairán preimpresos cos datos do veterinario que tramita a emisión do duplicado, este selará e asinará. Así mesmo na data (apartado (9) figurará a data na que se emite este duplicado.

O veterinario recibira o DIE substitutivo polo sistema habitual. Este novo DIE é idéntico ao orixinal coa única diferenza que na portada do mesmo figura o texto **“DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN EQUINA SUBSTITUTIVO”**, que xa virá preimpreso da imprenta.

Se despois da emisión do documento substitutivo aparecera o suposto DIE orixinal, o propietario debe achegarse á OAC cos dous DIE (orixinal e substitutivo). Na OAC invalidarase o DIE orixinal cruzando a primeira páxina completa co texto **“INVALIDADO POR EMISIÓN DUN SUBSTITUTIVO”** e reterase o mesmo na OAC, xa que para ese animal xa foi tramitada unha nova identidade.

Cómpre informar que no caso de emisión dun documento substitutivo, ao non poder comprobar a identidade do animal, a todos os efectos trátase dun animal novo polo que **SIREGAL asignará sempre un novo NPU a ese équido**, aínda que o propietario manifeste coñecer o NPU inicial do mesmo.

3.5.- XESTIÓN DA IDENTIFICACIÓN EN ANIMAIS CON LISE

A Consellería do Medio Rural e do Mar decidiu expedir igualmente un DIE, acorde coa normativa vixente, a todos aqueles animais que xa dispuxeran dun LISE expedido polas OAC con anterioridade á entrada en vigor da actual normativa de identificación (1 de xullo de 2009).

Nestes casos por tanto, **a identificación rexerese segundo a pauta xeral descrita neste documento: implantación do microchip e expedición dun DIE novo.**

O veterinario identificador debe informar ao titular/propietario de que debe pasar pola OAC correspondente co LISE antigo e máis o DIE co fin de supervisar a documentación de identificación do animal polos servizos veterinarios oficiais. Na OAC procederán á invalidación do LISE antigo; se neste non existen anotacións de interese, o LISE será retido na OAC; se existen anotacións de interese (vacinacións ou outras), será devolto ao titular/propietario unha vez invalidado.

O NPU válido do animal será o xerado pola aplicación SIREGAL coa codificación 724911..., porén e só a efectos de arquivo e trazabilidade dos animais, na aplicación gravarase, no campo NPU-LISE, tamén a codificación antiga que posuía (codificación 724CRU...).

3.6.- XESTION DA IDENTIFICACIÓN EN ANIMALES XA IDENTIFICADOS CON LISE E MÁIS MICROCHIP OU SÓ CON MICROCHIP

Podemos atoparnos con varios supostos:

a) Para **animais identificados con microchip e LISE antes do 1 de xullo de 2009** (data de entrada en vigor do Regulamento (CE) 504/2008 sobre identificación equina), **non será necesaria a expedición dun novo DIE** ; por tanto estes animais conservarán o microchip que porten e o LISE que lles foi expedido no seu momento polos Servizos Veterinarios Oficiais.

Nestes casos o veterinario identificador deberá **unicamente indicar ao titular/propietario que debe achegarse á OAC** correspondente á explotación onde resida o animal co fin de incorporalo á base de datos galega de identificación equina.

b) **Os animais identificados con microchip e LISE con posterioridade ao 1 de xullo de 2009, conservarán o microchip que porten pero deberáselles expedir novo DIE**, segundo o procedemento xeral indicado neste documento.

c) Igualmente, se existira **un animal identificado con anterioridade a esa data unicamente con microchip e sen LISE, conservará ese microchip e se lle expedirá un DIE** segundo o procedemento xeral.

d) No caso de que un animal identificado con LISE e microchip antes do 1 de xullo de 2009, perdera o LISE, ante a imposibilidade de expedirlle actualmente a través de SIREGAL un LISE duplicado, o titular /propietario deberá solicitar a emisión dun DIE polo procedemento xeral deste documento. Se coñece o NPU anterior que constaba no LISE perdido, coa codificación 724CRU ou 724911⁵, deberá indicalo no apartado correspondente da solicitude de expedición do DIE.

Indicaráselle ao titular/propietario que se aparecera o LISE vello, debería achegalo á OAC para facer as xestións indicadas anteriormente nestes casos.

3.7.- XESTIÓN DE ANIMAIS IDENTIFICADOS PREVIAMENTE CON LIBRO DE IDENTIFICACIÓN CABALLAR (LIC)

Aínda que no seu día a Consellería do Medio Rural e do Mar realizou actuacións encamiñadas a adecuar á Decisión 2000/68/CEE os LICs emitidos pola Real Federación Hípica Española ou as súas filiais en cada Comunidade Autónoma, incorporando un anexo coa Sección IX de administración de medicamentos veterinarios, e asignando un número de rexistro individual conforme á codificación determinada naquel momento para os équidos de crianza e rendimento (724CRU...), **estes documentos de identificación non serán considerados válidos**, por non estar estas entidades recoñecidas como organismos emisores de documentos de identificación e non dispor de UELN. Ademais estes documentos expedidos polas Federacións Hípicas non son recoñecidos como documentos de identificación oficial no resto do Estado.

⁵ Nestes casos, o propietario/titular debe pasar pola OAC onde comprobarán os rexistros existentes dese animal nas bases de datos da Consellería do Medio Rural e do Mar, e reflectiran no modelo de solicitude de identificación o NPU que o animal posuía anteriormente.

Polo tanto, os titulares/propietarios de équidos que dispoñan destes documentos deberán solicitar aos veterinarios autorizados a emisión dun novo DIE, sendo identificados cun inxectable electrónico (se non o tiveran xa), asignándoselles un novo NPU e incluíndo os seus datos na base de datos de SIREGAL. No caso de que o LIC fora validado no seu día pola CMR, figurará na base de datos o NPU antigo (724CRU...) a efectos de trazabilidade e arquivo. No seu caso, o anterior LIC quedará en poder do titular/propietario do animal.

Unicamente a efectos informativos, cómpre indicar que postos en contacto co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e coa Federación Hípica Galega, informaron de que as Federacions Hípicas, entidades emisoras dos LIC, non se van a constituír no futuro en entidades emisoras de documentos oficiais de identificación equina, aínda que van a seguir expedindo o LIC como documento de tenza obrigatoria para a asistencia aos concursos hípicas por eles promovidos. Polo tanto, estes animais posuirán un DIE expedido segundo o procedemento xeral a través dos veterinarios identificadores autorizados como équidos de crianza e rendemento e un LIC no caso de que desexen participar nesas competicións hípicas.

3.8.- OUTROS SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN

Como xa se indica no punto 1, de ámbito de aplicación deste documento, cómpre recordar que a Consellería do Medio Rural e do Mar, ten habilitado un **sistema de identificación equina con crotal auricular electrónico** que será subministrado nas OAC aos solicitantes e que só será aplicado a **équidos destinados a abasto antes dos 15 meses de idade e nados en explotacións de produción e reprodución de carne**. Este sistema é un sistema perfectamente legal como identificación oficial segundo a normativa vixente.

3.9.- DILIXENCIADO E REVALIDACIÓN DOS DIE

Como información adicional comunícase que non é necesario o dilixenciado inicial do DIE e a súa revalidación bianual polos Servizos Veterinarios Oficiais nas OAC. Tampouco será necesaria a revalidación bianual do resto de pasaportes doutras entidades emisoras (équidos rexistrados ou équidos de crianza e rendemento doutras Comunidades Autónomas).

3.10.- INFORMACIÓN SOBRE DOCUMENTACIÓN DE MOVEMENTO DOS ÉQUIDOS.

Os animais correctamente identificados segundo este documento poderán moverse polo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia co “documento de identificación equina” (DIE, pasaportes de équidos rexistrados) como único documento identificativo e de acompañamento, e non precisarán por tanto de acompañarse da Guía de Orixe e Sanidade Pecuaria.

Cando se despracen (ben para vida ou ben para matadoiro directamente ou previo paso por mercado, explotación de trato ou cebadeiro) fóra de Galicia, ou entren en Galicia con calquera destino, nun movemento nacional, deberán ademais de dispor da documentación de identificación equina, da correspondente autorización sanitaria oficial de movemento (Guía de Orixe e Sanidade Pecuaria xeralmente).

Cando o movemento de entrada ou saída de Galicia sexa en relación con outro país membro da Unión Europea, os animais deberán ir acompañados do documento de identificación equina e do certificado sanitario para movemento intracomunitario que lle expedirán no servizo veterinario oficial de orixe.

Porén, os équidos de abasto de menos de 12 meses nados en explotacións de produción e reprodución para produción de carne que se trasladen con destino directo a matadoiro, poderán moverse sen dispor do DIE, e unicamente precisarán a correspondente autorización oficial de traslado na que constarán polo menos os 15 últimos díxitos do microchip e o seu NPU.

3.11.- INFORMACIÓN SOBRE MORTE DOS ÉQUIDOS

No caso de sacrificio dos équidos nun matadoiro ou ben no caso de morte accidental nunha explotación, os responsables dos matadoiros ou das industrias de transformación de subprodutos onde cheguen os cadáveres dos animais mortos en explotación, procederán a comunicar a baixa destes animais á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria (DXPA) ca Consellería do Medio Rural e do Mar para a incorporación dos datos da morte na base de datos autonómica.

Está establecido con estes axentes, un dispositivo para a invalidación e destrución tanto dos microchips como dos DIE que posúíran estes animais.

No caso de que se trate de équidos rexistrados ou de crianza e rendemento identificados noutras comunidades autónomas, desde a DXPA comunicaranse estas baixas as entidades que emitiron esa documentación de identificación.

No caso de équidos que desaparezan (ataques de lobo, **équidos dos que non se puido recoller o cadáver (accidentados en zonas inaccesibles) ou équidos identificados sacrificados na explotación**, o propietario, nun prazo de 30 días naturais, debe notificar a baixa do animal na OAC correspondente á explotación na que estea localizado, presentando o DIE. No caso de équidos identificados sacrificados na explotación para autoconsumo, o titular debe entregar tamén o transpondedor recuperado.

3.12.- MODIFICACIÓN DA RESEÑA

Cando fora necesaria ao longo do tempo de vida do animal, a modificación da reseña no DIE, a consecuencia de modificacións na fisonomía do équido (cambios de cor, marcas corporais, etc...), está previsto que sexa posible trasladar esas modificacións ao DIE polo veterinario que as constate (que non ten por que ser o veterinario identificador que realizou a identificación inicial).

O procedemento consiste en:

O veterinario identificador que realice a modificación anotará na Parte B da Sección I o seguinte texto: “Modificación de reseña en páxina 34”.

O veterinario gravará a nova reseña na aplicación SIREGAL e recibirá unha pegatina dunha nova

Sección I que deberá pegar na páxina 34 (“Outras anotacións”). Esta pegatina será asinada, datada e selada polo veterinario actuante.

As modificacións producidas no DIE deberán ser tamén actualizadas informaticamente en SIREGAL.

3.13.- IDENTIFICACION DE ÉQUIDOS REXISTRADOS

Na introdución deste documento indícase claramente que é de aplicación exclusivamente para os équidos de crianza e rendemento que se identifiquen na Comunidade Autónoma de Galicia, mentres que para os équidos rexistrados, son as entidades de identificación autorizadas (xeralmente as responsables do libro xenealóxica da raza), as competentes nesta materia.

A data de hoxe, seguen sen estar resoltos algúns aspectos da xestión da identificación dos équidos rexistrados e sobre todo aqueles que pertencen a razas que non dispoñen de libro xenealóxico e/ou persoal técnico propio en España, o que dificulta enormemente as xestións de identificación.

A nivel do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente se ten realizado xestións para o intercambio de información a nivel informático desde as entidades emisoras de équidos rexistrados e o Ministerio, onde radica a base de datos estatal de équidos residentes en España. Porén, respecto aos documentos de identificación, a postura do Ministerio é que esta xestión debe ser resolta exclusivamente polas propias entidades emisoras.

Podemos atopar varias situacións:

a) Se un équido rexistrado foi identificado conforme á lexislación vixente anterior á publicación do Regulamento (CE) 504/2008 (en vigor desde o 1 de xullo de 2009), considérase adecuadamente identificado a día de hoxe, polo que non debería realizar ningunha xestión de actualización. A variabilidade de documentación expedida ata a data polas entidades emisoras e grande polo que sería necesario valorar a documentación caso por caso nos servizos veterinarios oficiais.

b) Se o animal foi identificado con anterioridade a esa data pero o seu pasaporte non é acorde coa citada normativa vixente anterior ao Regulamento (CE) 504/2008, pode ter dúas posibilidades en orde preferente:

1º) Contactar coa entidade que o emitiu para que lle indiquen como debe proceder para adecuarse á normativa actual.

2º) Decidir identificar oficialmente o seu animal como de crianza e rendemento, para o cal seguiría o procedemento xeral deste documento. Ese animal quedaría a todos os efectos e de por vida considerado como un équido de crianza e rendemento. A posibilidade de que ese animal posuía outra documentación (certificado xenealóxico, probas xenéticas ou outros) acreditativa da pureza da súa raza é unha competencia da entidade competente no libro xenealóxico da mesma. O veterinario identificador antes da entrega do DIE ao solicitante anotará:

- Na páxina 1 a lenda: “Ver páxina 34”.
- Na páxina 34 a lenda: “Este DIE está vinculado a un pasaporte para équidos de raza.....(indicar) con número....(indicar)..... Ambos documentos deberán acompañar ao animal no caso do seu envío a sacrificio en matadoiro

3.14.- MODIFICACIÓN DE DATOS

A través de SIREGAL é posible a modificación dos datos gravados nesa aplicación polos veterinarios identificadores **debido a erros de transcripción.**

- Se se trata de datos de importancia menor (equivocación de macho por femia, castrado ou non, etc...), será posible realizalos directamente na propia aplicación.
- Se se trata da corrección sobre os códigos de microchip, deberase utilizar un modelo normalizado específico extraíble de SIREGAL
- Se se trata de datos de gran trascendencia, concretamente o cambio de un animal marcado con NO APTO PARA CONSUMO de xeito permanente, para marcalo como APTO PARA CONSUMO, deberá utilizarse un modelo normalizado de solicitude extraíble de SIREGAL que debe ser asinado polo propietario/titular e máis polo veterinario identificador e que tras a autorización expresa dos servizos veterinarios oficiais, só poderá realizarse nun **prazo improrrogable máximo de 10 días desde a recepción do DIE polo propietario/titular.**

É condición indispensable para realizar a reversión de NON APTO a APTO que **o animal teña permanecido na explotación onde fora identificado e que non existiran cambios de propietario ou titular do mesmo.**

As correccións de datos admitidas, serán trasladadas tanto a SIREGAL como á base de datos da Xunta de Galicia.

No caso de que calquera corrección se solicite despois da emisión do DIE erróneo inicial, estes cambios implicarán a emisión dun novo DIE que sería remitido ao veterinario contra entrega do anterior DIE erróneo.